

O TRABALLO COAS FONTES

procura, selección e integración da información

1. Procura e selección das fontes da rede

O uso de material bibliográfico de referencia -sexan enciclopedias, libros de texto ou publicacións especializadas- só esixe saber localizar a información, é dicir, revisar índices, sumarios, epígrafes ou entradas ordenadas segundo criterios convencionais. Mais, no caso de internet, cómpre ser quen de afinar a procura no buscador e, sobre todo, ter criterio para escoller os sitios fiábeis e rexeitar aqueles nos que non se pode confiar.

➡ A respecto do **uso do buscador**, en primeiro lugar hai que ter claro qué procuramos en relación cos contidos e inserir palabras clave. Ademais:

Para procurar mellor no Google



Se quero buscar

[] secuencias exactas, sitios que conteñan unha expresión completa

[] un campo determinado, en páxinas que non conteñan a palabra que indiquemos

[] resultados nos que aparezan dúas palabras na mesma oración, mais non xuntas

[] un tipo de documentos específico

[] resultados unicamente dun determinado sitio web



podo empregar

" " (comiñas, aspas)

- (signo 'menos' seguido da palabra descartada)

* (asterisco entre as dúas palabras, con espazo)

filetype: (seguido dunha extensión: pdf, swf, doc, etc.)

site: (seguido da url)



por exemplo

"idade de bronce"

rato -computador

día * santo

temperatura filetype:ppt

tic site:www.edu.xunta.es

Máis:

Coa Procura avanzada (Web) tamén podemos localizar frases exactas, excluír termos, indicar páxina e formato, etc., ademais de seleccionar o idioma dos resultados.

Na busca de Imaxes, é posíbel filtrar por tamaño, coloración ou tipo de contido.

Son tamén moi útiles as procuras específicas de Vídeo (no modo Web, podemos atopar reseñas de filmes con movie:), Mapas, Grupos ou Libros (<http://books.google.com/>).

- Cando procuramos en servizos da rede e en diferentes espazos, é preciso diferenciar os resultados "libres", que son os que nos poden interesar, dos patrocinados (publicidade).
- Tamén pode ser de utilidade saber ler a URL (endereço web que mostra o navegador) para reduci-la e acceder, por exemplo, á páxina principal do sitio que aloxa un documento interesante atopado.
- Soe ser necesario tamén abrir o abano do hipertexto (as ligazóns que seguimos dentro das páxinas e que nos levan a outras) usando a apertura en novos separadores ou ventás, para non perdernos.

➡ No que se refire aos **criterios para outorgarlle credibilidade a un sitio web**, temos que ter presentes cando menos os seguintes:

+ credibilidade	- credibilidade
Autoría explícita e recoñecida (unha academia, un colectivo social, un profe...)	Autor non manifesto ou non recoñecido
Contidos limpos e con fácil accesibilidade	Con ligazóns rotas, erros ortotipográficos, con publicidade (pop-ups)
Ligada desde unha web prestixiosa	Sen presenza noutros sitios web
Amosa a política de uso	Non inclúe tal
Uso adecuado da lingua segundo os xéneros (artigo divulgativo, artigo de opinión...)	Usos lingüísticos inadecuados, confusión de xéneros
Información actual e ben estruturada, diferenciando datos obxectivos de opinións	Información non actualizada, tendenciosa

Alén diso, é necesario preguntarse pola intención do emisor e contrastar sempre a información noutras fontes.

Tendo claro isto, escolleremos uns poucos (varios, pero non demasiados) resultados. Poden ser documentos, páxinas, wikis, blogues ou outros sitios web, sempre que nos ofrezan contidos que nos sirvan para compoñer o noso texto. Por suposto, estes deben ser complementarios (diferentes apartados, diferentes perspectivas, etc.); se conteñen información practicamente idéntica, quedarémonos coa fonte máis fiábel.

2. Selección da información das fontes

Unha vez escolmadas as mellores fontes, o que implica que xa realizamos unha lectura selectiva e de aproximación, é mester comprender ben os textos e realizar unha escolla de acordo cos nosos obxectivos.

Para iso, leremos con atención e subliñaremos (no caso de traballar cos textos impresos) ou trasladaremos (se usamos un soporte electrónico) a información máis valiosa, evitando marcar ou copiar parágrafos enteiros. Atenderemos estes criterios:

- a relevancia: non se consideran as cuestións non centrais para o noso propósito e tomamos só o máis importante
- a claridade: desbótase o que non se entende ben, a non ser que saibamos presentalo mellor

➡ Podes seguir estes pasos:

- Le comprendendo os contidos de interese.
- Subliña ou extrae a información útil, non en bloque.
- Non xuntes de maneira caótica a información. Recóllea distribuíndoa nas partes do texto/traballo establecidas. Se aínda non fixeches o esquema previo do teu escrito, faino antes de trasladar a información; tamén pode ser que estes contidos te leven a modificar ese esquema previo.
- Xunta (á marxe ou ao comezo de cada parte) aclaracións ou ideas que se che ocorran para aproveitar esa información.
- Ao usar distintas fontes podes empregar cores para marcar a información nova e útil fronte a repetida.

➡ Tras a lectura comprensiva, serache útil fichar así as fontes para despois citalas:

Fonte [con URL]	
Tipo (páxina web, libro...)	
Información valiosa (subliñada ou extraída)	
Aclaracións e ideas propias	
Empregarémola para	

3. Integración da información nos textos propios

Agora chegou o momento de depurar o texto. Botaches man de varias fontes, distribuíndo e complementando a información, pero non comezaches aínda a construír o teu propio texto. Será preciso, entón, descartar aínda aquilo que non é realmente pertinente, distribuír mellor e, sobre todo, reformular e enfiar con ideas e expresións propias.

É decisivo nesta altura ter presentes as características do xénero textual que vas crear. A cantidade e situación da información ou a organización en parágrafos varían segundo teñamos que realizar unha presentación en diapositivas, unha anotación biográfica ou unha entrada enciclopédica.

No caso de estudos, opinións e propostas, pode ser necesario citar no discurso a fonte (e tamén ligar, se o formato é electrónico). Para iso, empregaremos as fórmulas *Segundo [fonte]*, *Tal como se recolle en [fonte]* e similares.

➡ Unhas pautas que convén seguir:

- Elimina o que, unha vez revisado, consideras innecesario, así como datos e ideas que poidan estar repetidos.
- Compara os contidos de cada fonte e revisa a conexión que hai entre eles.
- Reordena e conecta os fragmentos con coherencia, achegando ideas ou fórmulas da túa colleita.
- Reescribe coas túas palabras para elaborar a redacción inicial.

4. Cita das fontes

Sexa cal sexa o texto creado, é necesario citar as fontes de información ao final. E, no caso das dixitais, ofrecer a url.

➡ En concreto, debes:

- Crear un apartado específico de fontes empregadas.
- Seguir as normas de citación bibliográfica, incluíndo a url explícita se o texto se entrega en soporte papel e a url inserida no título se é en soporte informático.

Por exemplo, en **Fontes empregadas** podemos incluír:

Canle de Youtube *Cancións en galego*:

<https://www.youtube.com/channel/UCveErH5VRfpyS4E3URroGfg>.

VV.AA. (OBSERVATORIO DA LINGUA GALEGA): *Situación da lingua galega na sociedade*, 2007. En <https://www.scribd.com/doc/254438091/Situacion-da-lingua-galega-na-sociedade> . Consultado o 22 de outubro de 2016.

VAQUEIRO, Vitor: *Guía da Galicia máxica*, Editorial Galaxia, 1998.

TAKESHI KAKIHARA: "O uso lingüístico no ámbito comercial reflectido na paisaxe lingüística no centro de Santiago de Compostela", en *Cadernos de lingua*, nº 35, 2013, pp. 39-66.